

ACHÉGATE AOS LOCAIS

II CICLO DE R-EVOLUCIÓN MUSICAL

do **MÉRCORES 26**
ata **DOMINGO 30**
de **SETEMBRO**

Auditorio de Vilagarcía

**FORMACIÓN
MUSICAL
OBRADOIROS
EXPOSICIÓNS
CONCERTOS
JAMS**

**DOSSIER
INFORMATIVO**





**Locais de
Ensaio**



Nacho Pérez

Mércores 26 / 16 a 18h

TOCAR EN COMBO

O **guitarrista Arousano**, faise músico en Palma de Mallorca a finais dos 90. Posteriormente formase en Galicia, ao carón de **Paco Charlin e Abe Rábade**, sua experiencia musical fórxase en Madrid en grupos coma a **Bob Sands Big band** e no seu propio quinteto con **Ariel Bringuez e Reinier Elizarde “el negro”**. No **Pablo Gutiérrez Hammond trio** ou acompañando a diferentes artistas

No 2012 retorna a Vilagarcía, onde “opera” habitualmente coa sua banda homónima **Nacho Pérez&Los Chacales**. Co grupo de son **Verason**, xunto ao mestre **Antonio Vera**, ou na banda de **Gonzalo Arca**, entre outros...

A close-up portrait of Pepe Santamaría, a man with dark hair and a beard, looking upwards and to the right. The background is a blurred, metallic, circular object, possibly a drum or a piece of machinery.

Pepe Santamaría

Xoves 27 / 20 a 22h

BONGO CLINIC

Empeza a estudar batería e percusión da man de **Kin García** e no Real Conservatorio Superior de Música de A Coruña

Logo de tocar con diferentes artistas e bandas, ficha coa banda de Rock **Heredeiros da Crus**, cos que graba 3 álbumes, 1 EP e 2 sencillos. Galardoado no ano 1999 como "**mellor artista do ano**" pola **TVG**

No ano 2000 mudase ao Reino Unido, e traballa para formacións coma **Engine, Reel People, MC MAD (Groove Armada), Cream, Shea Soul, Tricky**,... ou para produtores coma **Kevin Burleigh** ou **Allan Cuthbertson** como músico de sesión

Actualmente comparte residencia entre Vilagarcía e Reino Unido

Xunto a **Nacho Pérez** funda **La Bestia Turka**



García MC

Venres 28 / 18 a 20h

PALESTRA SOBRE CULTURA HIP HOP
E OBRADOIRO DE RAP

Músico de Rap desde **1997**, **pedagogo independente** desde **2004**, foi **observador de dereitos humanos** durante unha década en comunidades indíxenas mexicanas en conflito armado, foi **xornalista independente**, estudou **artes en Dornach-Suíza**, é estudante de **Psicoloxía Evolutiva** en Pontevedra

Formou parte dos grupos **Ghamberros**, **Dios Ke Te Crew** e **Labregos do Tempo dos Sputniks** alén do seu traballo en solitario e a súa banda actual, a **Nación Quilombo**



Dani Domínguez

Venres 28 / 20 a 22h

FUNDAMENTOS PARA BASE RÍTMICA

Dunha **ampla experiencia profesional**, Dani Domínguez traballa xunto a artistas da talla de **Bill McHenry, Perico Sambeat**, ... no terreo do jazz, como baterista de Hiphop con **Kase.O Jazz Magnetism, Mala Rodríguez**,... en flamenco con **Jorge Pardo, Chano Domínguez**,... Improvisación xunto a **Agustí Fernandez, Pablo Rega**, en música cubana **Miguel Angel "Angá", Daniel Amat, Iván "Melón" Lewis**,... Pop-Rock xunto a **Santiago Auserón** ou **Cornelius**

Recibe **numerosos premios e nominacións**, por exemplo **mellor batería 2004** da prestixiosa **Associació de Músicos de Jazz y Música Moderna de Catalunya**



Escola Municipal de Música
Bernardo del Río

Alberto Estévez

Sábado 29 / 12 a 14h

ACHEGAMENTO Á MÚSICA MODERNA

A **Escola Municipal de Música de Vilagarcía**, dependente da Concellería de Educación foi un dos **centros pioneiros do ensino musical** na bisbarra do Salnés e durante os máis de **30 anos de historia** que acumula, foron innumerables os alumnos/as que pasaron polas súas aulas, e de feito, moitos deles son hoxe **recoñecidos profesionais da docencia musical** en conservatorios, escolas de música ou bandas de música

Un dos principais atractivos da Escola, é o **amplo abanico de especialidades** que ofrece ó seu alumnado, orientándoo tanto á práctica individual como á formación de conxuntos ou agrupacións como poden ser: **Combo Moderno, Ensemble Mixto, Banda Infantil**, etc

A Escola Municipal de Música é un centro de ensinanzas non regradas, deseñado para satisfacer as **inquietudes musicais**

Alberto Estévez, leva **dende 1998** impartindo clases de Guitarra e Música Moderna, na actualidade é o director do centro



Antonio Casado

Sábado 29 / 20 a 22h

INTRODUCCIÓN Á GUITARRA ELÉCTRICA

Realiza a meirande parte da sua carreira en Vilagarcía de Arousa. **Membro fundador** da banda Arousana **Cornelius**, cos que publicou 3 álbumes, conseguindo unha notable **proxección internacional**, traballando baixo a tutela de produtores como **Adrian Hall** ou **Mick Glossop**

Ao longo dos últimos anos traballa como guitarrista profesional en numerosas xiras, así como en **publicidade, televisión** e máis dunha **veintena de produccions discográficas**

Desde o 2015 forma parte da banda do artista internacional **Pedro Abrunhosa**, con quen grabou o seu último disco xirando por **numerosos países ao redor do mundo**, xunto a él traballa en estudo e directo con artistas da talla de **Maceo Parker, Ana Moura** ou a **Orquestra Sinfónica de Porto**



**Sala de
Conferencias**



**músicos
ao vivo**

Manuel Alonso

Sábado 29 / 12 a 14h

FACTURACIÓN E CONTRATOS PARA MÚSICOS

Manuel Alonso traballa dende 2010 como xerente para **Músicos ao Vivo**

É o **responsable económico-financieiro** da asociación e desenvolve tanto **tarefas administrativas** coma de **soporte técnico** no **Plan de Galicia de regularización de Facturación** a través do sistema de **cooperativas de músicos**



Diego Basadre

Sábado 29 / 16 a 17h

REQUERIMENTOS TÉCNICOS O RIDER TÉCNICO

Diego Basadre de nai arousana, empeza a traballar como **Técnico de Son** en eventos **dende o ano 2002**

Cúrtese como técnico de sistemas en festivais da talla do **Reperkusión** ou **Derrame Rock**,... Mestura **FOH** para **Avalanch**, **Siniestro Total**,... Inda que actualmente traballa con **Ses**, segue traballando para outras bandas e noutros escearios coma, por exemplo, **Técnico de Monitoraxe** para a **Orchestra Folk SondeSeu**

Realiza labores de asistencia técnica no ciclo musical **Agora vermú**



Emma Castañeiras

Sábado 29 / 17 a 18h

A DIRECCIÓN DE ARTE
E A MÚSICA

A **directora de arte** Arousana estuda Belas Artes en Pontevedra. Durante estes anos participa en varias **exposicións de ilustración, deseño gráfico, fotografía e vídeo**. No ano 2015 finaliza os seus estudos artísticos e trasládase a **Madrid** onde se especializa no mundo da **creatividade publicitaria**

Hoxe en día segue na capital, onde compaxina ás súas inxerencias artísticas co seu traballo na axencia de publicidade **Pingüino & Torreblanca**, traballando para marcas coma o **Corte Inglés, Disney, Bosch, Yoigo, Bankia** ou **The Phone House**, e gañando varios premios ás súas **ideas** e á súa **efectividade nos medios**



Paco Loco

Sábado 29 / 18 a 20h

COMA NON LEVAR UN
ESTUDIO DE GRAVACIÓN

Paco Martinez é **músico e produtor asturiano**, coñecido profesionalmente como **Paco Loco**

Formou parte de bandas como **Los Sangrientos** ou **Australian Blonde**, coma produtor conta con mais de **800 grabacións** entre outros de **Sexy Sadie, Nacho Vegas, Enrique Bunbury, Mikel Erentxun** e un longo etc

Estivo **nominado aos grammy**

En 2016 publica "Loco, como no llevar un estudio de grabación" **manual técnico e artístico** onde se recopilan unha serie de artigos baseadas na sua **experiencia como produtor**



ASOCIACIÓN
GALEGA
DE EMPRESAS
MUSICAIS

X. Blanco

Domingo 30 / 17 a 19h

MICRO ABERTO, A NOVA LEI DE ESPECTÁCULOS

A **Asociación Galega de Empresas Musicais** (AGEM) nace no ano 2007 para **defender os intereses profesionais** das empresas galegas que proveen servizos no ámbito da **música ao vivo**, incluíndo produtores, promotores, managers e axentes. Blanco é o **Presidente da actual Xunta directiva**

Xosé M. Blanco, experto universitario en **xestión de cultura e ocio**, o cal leva **mais 28 anos** no mundo do espectáculo como **manager, promotor, produtor discográfico, produtor de espectáculos** e **editor musical**

Actualmente exerce **labores de management** con **Siniestro Total, SonDeSeu, Dielas, Rodrigo Romani, Emilio Rúa, QueimanePousa**, etc. Tamén exerce labores de **consulting e booking** para distintos artistas

Como director de produción ten realizado numerosos eventos como **Festival do Norte, Festa dos Mundos, Reperkusión, Festival de Ortigueira, Festa da Pregrina, Festas do Apostolo, Festas do San Froilán**, etc.

Ten realizado a **producción técnica** para multitude de artistas como **Van Morrison, Manolo García, Luz Casal, La Phaze, Los Suaves, Placebo, Uxía, Frank Black, Amaral, Suede, Tito Puente, Celia Cruz, Rosendo, El Pescaao, Fangoria, Diane Krall, Rinôçerose, Elvis Costello, Ben Harper, Carlinhos Brown, Raphael, Deolinda, Miguel Bosé**, e un longo etc



Palestra con Susana Laya e Xabier Abreu

Domingo 30 / 19 a 21h

MODERA DIEGO BASADRE

SUSANA LAYA

Co-directora do **Atlantic Fest**, e membro fundador do **Festival do norte**. É tamen membro fundador de **New Live**, empresa organizadora do Festival Atlantic Fest e realiza booking para outros festivais e organismos

Susana **involúcrase no mundo da música** desde moi nova, creando **o seu propio fanzine** e organizando **concertos independentes**. Traballa nunha grande variedade de áreas dentro da cultura e da música, incluíndo seu **traballo de comunicación** en festivais coma **FestiMad, Paredes de Coura** ou **Primavera Sound**

XABIER ABREU

Licenciado en **Comunicación Audiovisual** e posúe un Master en **Industrias creativas**. É Coordinador de contenidos en **Regalamúsica**, e é Productor musical en mais de 100 albums coma **Los Piratas, Boikot, Killer barbies, Best boy** ou **Xabarán Club**

Ambigú do Auditorio

Tódolos días / 15 a 16h

Charlas informais de 15:00 a 16:00
no **Ambigú do Auditorio de Vilagarcía**

Tomando un café **parolaremos animosamente** cos artistas sobre **música, industria** ou **o que xurda**

XOVES 27 | **Antonio Casado** e **Pepe Santamaría**
VENRES 28 | **García MC** e **Dani Domínguez**
SÁBADO 29 | **Tito Lesende** e **Paco Loco**
DOMINGO 30 | **Xabier Abreu** e **Susana Laya**

Cabe destacar a charla do **Sábado 29** con:

TITO LESENDE



Leva **dúas décadas e media** desenvolvendo o oficio de **xornalista musical en prensa, radio e internet**. Na actualidade publica reportaxes e contidos musicais en **Cuadernos Efe Eme** e **Efeeme.com**; **Icon-El País** ou **Vanity Fair**, principalmente. Tódalas semanas fala de música pop-rock no **Diario Cultural da Radio Galega** e pode ser visto na **TVG** comentando a actualidade musical no magacín **A Revista FDS**

É autor dos libros **M Clan: Pasado imperfecto**; **201 discos para engancharse al pop/rock español**, coordinado co xornalista **Fernando Neira**; e **Revolver: el disco de los Beatles** que revolucionó el rock. Os dous últimos foron reeditados

Ao longo da súa andaina ten escrito **numerosos pressbooks e textos promocionais** para lanzamentos discográficos e cinematográficos de **impacto comercial**

Ademais do exposto, Lesende gozou de **columna propia e fixa** en publicacións como **Rolling Stone**, **Grazia**, **Revista 40**, **Cinemanía** ou **Diario 16**, entre outras varias. Tamén ten entrevistado a figuras internacionais como **Mark Knopfler**, **Scorpions** ou **Green Day**, e coincidiu persoalmente en actos sociais con artistas tan importantes como **Bon Jovi** ou **AC/DC**

Sala de Exposicións

Exposición temporal

Exposición temporal no Auditorio de Vilagarcía con fotografías de **Peto Leal**

ádega
cine
clube
DE 1976

O **Cine Clube Ádega** proxectará na sala de conferencias o mércores ás 21h **American Epic**



PETO LEAL

Eu son **Jorge Leal**, pero ahí non remata a cousa, son fillo de Maruxa (chichirica), **e con eso é suficiente**

Irmán de Carmen e Chiqui... **él xunco, ela vento**. Teño unha nova irmá, Virxinia... unha **brisa mariña nunha tarde de verán**

Tamén son Sobriño de Leandro (ao que un día a colleita de viño lle pareceu escasa, e doulle por morrer)

Músico e fotógrafo, amante da beleza e un **bo bebedor de cervexa**, tamén son o que un día **namorou dun anxo**, por iso **camiño en chancletas**, por que os anxos non as levan. Despois de todo **non son máis ca un home**, e o home...

Coma diría **Horacio Guaraní**: "El hombre es pura arenita, en medio de tanta huella. No hace falta de ir al cielo..."
PARA ALCANZAR LAS ESTRELLAS"

22:30 **Jams a cargo das bandas** na **explanada do Auditorio** (en caso de choiva na **Peixería**)

13:30 **Sesións Golfas**

**Jams
Sessions**

Explanada do Auditorio

MÉRCORES 26 | **La Bestia Turka** (usuarios dos locais) + **Jam**
XOVES 27 | **Antonio Casado** e **Chiquillo** (Cornelius) + **Jam**
VENRES 28 | **García MC & Dj Mil** (Nación Quilombo) + **Jam**
SÁBADO 29 | **The Conspiracy** (usuarios dos locais) + **Jam**
DOMINGO 30 | **Best Life** (Regalamusica) + **Jam**